



**CC
2020**

CARVALHO CALERO
LETRAS GALEGAS 2020
A voz presente

Dep. Legal: C 561-2020

Foto: Moncho Rama

**CARVALHO 20
CALERO 20**

AGAL

galego



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**

Ferrol, de 1910 a 1926

1910 Vida | “Eu nacín nun bairro de Ferrol e polo tanto son fillo dun mundo urbano, dun mundo periférico pero non rural” (VeS).

“Eu nascín no Ferrol Vello (...) o Ferrol mais antigo, un bairro de pescadores” (CeC).

Chega ao mundo Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carvalho Calero, sendo os pais Gabriel Ricardo e M^a Dolores (Ferrol, 30/10/1910).



1913. CC ao colo do pai, Gabriel Ricardo Carballo Naya. Arq. PG

1916 Política | Antón Villar Ponte funda as Irmandades da Fala, precursoras do Partido Galeguista e da Xeración Nós.



1910. CC ao colo de M^a Dolores Calero Beltrán. Arq. ANT



1911. CC aos seis meses de vida. Arq. PG

1919 Vida | “A miña nai morreu o ano 1919, cando eu tiña só oito anos. (...) Ela foi a que me ensinou a ler” (CeC).
Morre M^a Dolores Calero aos 38 anos.

1921 Vida | “A Coruña foi a miña primeira xanela ao mundo, porque foi, efectivamente, a primeira cidade que visitei saíndo da miña cidade natal, que entón era pequena” (CeC).
Exames oficiais para entrar no Bacharelato.

1921 Vida | “Rematei o bacharelato na Coruña, no Instituto Eusébio da Guarda” (CeC).
“ingresei na Universidade en Outubro (...) era eu aínda un rapaz de quince anos” (CeC).
“Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que é ao mesmo tempo preparatorio de Dereito. Temos todo o ano académico para pensarmos se em definitiva haremos seguir

a carreira de Filosofía e Letras, que é a que nos atrai, na nosa condición de literatos, ou a de Dereito que tem mais porvir (económico)” (Scórpio).
Acabado o Bacharelato, vai para Compostela. Primeiro ano de universidade.

Santiago, de 1926 a 1930

1926 Política | “A miña incorporación en Santiago de Compostela ao Seminario de Estudos Galegos marcouse profundamente. Aquela entidade, tal como estaba concebida e funcionaba entón, estaba feita á miña medida” (CeC).
Entra no Seminario de Estudos Galegos.



CC aos 15 anos no primeiro ano de universidade. Arq. PG

1928 Política | Na etapa da universidade chega a presidir a Federación Universitaria Escolar (FUE).

1929 Obra | Publica o seu primeiro volume de poemas, *Trinitarias*.

Política | Primeira palestra como conferencista “En torno a las ideas comunistas de Platón”.

Credencial de estudante. Arq. PG



Ferrol, de 1930 a 1936

Política | “Eu asistin, efectivamente, à reunión que se verificou en Pontevedra en Decembro do ano 1931 e na que se constituíu o Partido Galeguista, único partido ao que pertencin en toda a miña vida” (CeC). É co-fundador do Partido Galeguista.



Cunqueiro, Del Riego e CC (Compostela). Arq. PG

1931

Vida | “No ano 1931 rematei os estudos de Dereito. Fomos, nós, todos os que rematamos en 1931, en Xuño de 1931, os primeiros advogados da República” (CeC).

“No ano 31 vin-me licenciado en Dereito cun expediente mui brillante, pero sen verdadeira vocazón” (CeC).

Obra | “Eu escribin poemas galegos desde a miña infancia, alguns anteriores sen dúbida aos castellanos que se insertan en Trinitárias” (CeC). Publica a primeira obra usando o galego, *Vieiros* (poemas).

1932

Vida | “Ingresei como auxiliar administrativo [no corpo de funcionarios da Cámara Municipal de Ferrol]. E rematei a carreira de Filosofía e Letras con calma, examinando-me por livre en Santiago. Rematei-na no ano 36” (CeC).

1º lugar no concurso público ao funcionariado municipal de Ferrol. Prolonga os seus estudos.

Credencial de membro do Seminario de Estudos Galegos. Arq. PG

1933

Vida | Casamento de CC e da lucense Maria Ignacia Ramos Diez, que seguira os seus mesmos estudos na Universidade.



Del Riego e CC, obrigado ao cumprimento militar durante os seus estudos. Arq. ANT



Ricardo Carvalho Calero e Mª Ignacia Ramos. Foto do casamento. Arq. ANT

1934

Política | Numerosos mortos e detidos no contexto subversivo do Ferrol republicano do momento.

1935

Vida | Finaliza os estudos. Excedente no funcionariado municipal para se candidatar a docente de Lengua y Literatura Española para os institutos.



Madrid, de 1936 a 1939

1936

Política | “Ese mesmo dia que se puxo o telegrama [dando-me conta do nascimento dunha filla] (...) comezou a Guerra Civil” (CeC). “Estiven, diríamos, entre os defensores de Madrid e, despois dun certo tempo en Valencia, fun destinado a Andalucía” (CeC). Diante do acontecido, a responsabilidade demo-

crático-galeguista leva CC a participar como miliciano defendendo Madrid e é ferido na vista durante os combates de trincheiras de Usera. Enviado a Levante, segue o curso formativo que o fará Tenente. Será logo destinado ao exército andaluz da área de Jaén.




Pai de CC rodeado deste e outros descendentes. Arq. PG

Vida | “Uns meses despois estaba eu en Madrid para fazer uns cursos para profesores encargados de curso que se convocaran, ao mesmo tempo fazer unhas oposicións a cátedras. (...) truncadas polo estalido da Guerra Civil” (CeC). “Tardei cinco anos en coñecer à miña primeira filla, que nasceu por aqueles dias” (CeC).

1939

Madrid, exames de concurso interrompidos polo golpe militar e estouro da Guerra Civil.



1936. Certificado académico. Arq. PG

Política | “A condena foi exactamente o que se califica tecnicamente como ‘reclusión maior, doce anos e un día’. Ao cabo de dous anos, efectivamente, en aplicazón da lexislazón que previa o que se chamava ‘redenzón de penas polo

traballo’, puxo-se-me de oficio en liberdade condicional até a extinzón da pena” (CeC). Acabada a guerra, é solicitada para CC cárcere permanente. Finalmente foi condenado a 12 anos.

Ferrol, de 1941 a 1950

1941 • **Vida** | “Fun xulgado e condenado, e depois posto en liberdade condicional. Regresei a Ferrol e dediquei-me ao ensino privado. Aínda que dunha forma practicamente, ou mais ben teoricamente, clandestina; porque non podía estar colexiado a consecuencia da condena que se me impuxera” (CeC).
Liberdade condicional. Retorna a Ferrol e pode finalmente re-encontrar os seus familiares, que deixara no ano 1936.



Docentes do ensino D. Manuel Masdías de Ferrol. Calero é o último principiando pola esquerda; ao seu lado, sentada, M^ª Ignacia Ramos. Arq. PG

1942 • **Vida** | “Como pudemos vivir? Os ollos múltiples e insones de Medusa fixos em nós à espreita. As bocas das metralhetas apuntando-nos. A censura postal –fatídico agoireiro– lendo as nossas entranhas. Os sacristaas pasando lista às portas das igrejas. Nos cafés, os contertúlios anotando as nossas reaccións perante as noticias do rádio. [...] Como pudemos vivir? E mais vivêmos. E comêmos, dormímós, engendrámós criacións: se había què comer, se había leite para dormir ou para amar. [...]” (Rt: 129-131).
Segunda vez pai (María Victoria).

Vida | “Fun requerido para pór en marcha e dirixir un coléxio de primeiro ensino e de bacharelato que en Lugo tencionava establecer don Antónío Fernández López, un enxeñeiro de camiños que tiña unha emozón galega mui auténtica e que prestou grandes servizos à cultura galega” (CeC).



Exteriores do Centro de Ensino de Fingoi nos anos 50. Arq. Fingoi


Lugo, de 1950 a 1965

1950
1951
Impedido de exercer cargos públicos, Carvalho Calero é convidado por por D. Antonio Fernández López para o Centro de Ensino de Fingoi (Lugo), onde desenvolve fecundo labor como docente, escritor e investigador.



Obra | A xente da Barreira fica vencedor do concurso da Editorial Bibliófilos Gallegos.

1954 ... **Vida** | “Estiven quince anos, desde 1950 a 1965, dirixindo o coléxio [de Fingoi]. Dirixin-no mesmo antes de comezar a funcionar” (CeC).
CC vai a Madrid defender a Tese de doutoramento, que será publicada no ano a seguir na Ed. Gredos como *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*.



Certificado conforme a Tese foi enviada ao tribunal. Arq. PG



CC, último pola esquerda e estudantes do Fingoi de visita cultural. Arq. Fingoi

1958 ... **Vida** | “Entrei na Académia baixo a protección, baixo os auspícios, dos ourensáns” (CeC).
“Creio que foi no ano 58 cando se me pediu que acometese o traballo de sistematizar con algun rigor, e de comentar con algunha extensión a obra literária dos galegos. E a verdade é que acometin esa empresa inspirado na miña propia formazón” (CeC).
Entra a formar parte da Real Academia Galega (17 Maio), admitido protocolarmente por Otero Pedrayo e lendo o discurso “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía”.




Credencial de membro do Casino de Lugo. Arq. PG



Distintivo de honra da Real Academia Galega. Arq. Familia

Obra | “O meu traballo [a Historia da Literatura Galega Contemporánea] está dominado intimamente, está edificado, evidentemente, sobre un substrato de entusiasmo polo rexurdimento da nosa cultura e da nosa lingua. Non se explica que se acometa o labor de escribir sen axudas iniciais de nengunha clase una obra de novecentas páxinas se non se profesa un grande amor ao material, a materia que se vai tratar. Pero eu fun educado no galeguismo, son un galeguista desde sempre, e cando se me propuxo como obra posíbel a ser publicada por unha editorial un estudo detido e crítico da nosa literatura aceitei inmediatamente realizá-lo” (VeS).
Editada a *Historia da literatura galega contemporánea*.



1963

Política | A Real Academia Galega instaure e celebre as primeiras Letras Galegas. Carvalho Calero pronuncia o discurso que inaugura esta festividade no primeiro ano dedicado a Rosalía de Castro.


Santiago, de 1965 a 1990

1965

Vida | “Durante o verao do ano 65, recibin unha carta de don Abelardo Moralejo Laso, que fora, como creio que xa lembramos, profesor nos primeiros anos dos meus estudos na Universidade de Santiago. (...) era agora decano da Facultade de Filoloxía Románica, e no quinto e derradeiro ano dos estudos de Filoloxía Románica, figurava a disciplina de Língua e Literatura Galegas. (...) escribeme propondo-me que me encargase da explicación das clases correspondentes” (CeC).

1966

Obra | “Os meus obxectivos fundamentalmente foron restaurar o interese polo noso idioma, e realice este esforzo en condicións difíciles, porque apenas se dispoñía de bibliografía especificamente galega entón” (CeC).
Editada a *Gramática elemental del gallego común*.



“Comecei a traballar, no ano 65, na Universidade de Santiago e no Instituto ‘Rosalía de Castro’. Por primeira vez cobre un soldo como profesor estatal” (CeC).

Na universidade compostelana entra convidado por Moralejo Laso e no instituto como docente agregado de Lengua y Literatura Española.



Distintivo de honra da Cátedra. Arq. Familia

1972

Vida | “Cando puden ser por fin nomeado catedrático universitario, era un sexaxenário” (CeC).
CC vai novamente a Madrid e realiza excelente concurso que o torna Catedrático de Lingüística e Literatura Galega da USC.



Protocolo de toma da Cátedra. Arq. PG

1974

Obra | Editada a 2ª ed. da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*.



1969. Pormenor de documento identificativo familiar. Arq. PG



Credencial de docente da Universidade de Santiago. Arq. PG

1978

Política | Aprobada a *Constitución Española*, após a morte do ditador Francisco Franco no ano 1975.

Obra | Edita *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.

1979


Política | Nomeado presidente da *Comisión de Lingüística* e *Comisión de Toponimia* da Xunta pré-autonómica de Galicia para elaborar as normas do galego. CC acabará por renunciar por incompatibilidades no rumbo orientador de ambas.

Edita *Libros e autores galegos. I. Dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

1980

Vida | CC será o patrono de Álvaro Cunqueiro ao ser investido este como doutor *honoris causa* da USC (28/02/1980). Retirado como docente, é nomeado membro de honra por parte dos escritores galegos (AELG).

Obra | Publica *Pretérito imperfecto* (1927-1961). Sada, A Coruña: Edicións do Castro.



Na investidura de Álvaro Cunqueiro como Doutor Honoris Causa. Arq. PG

Vida | Membro da Academia das Ciéncias de Lisboa.

1981

Política | Primeiro parlamento democrático autonómico.

Obra | Edita *Problemas da Língua Galega*, Lisboa.

1982

Obra | Publica *Futuro condicional* (1961-1980). Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
Libros e autores galegos. II. Século XX. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
Teatro Completo. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.

Vida | CC é distinguido pola Sociedade Cultural Medúlio de Ferrol e elevado a Membro de Honra pola Asociación Galega da Língua (AGAL).

1983

Política | O Decreto Filgueira oficializa as normas do ILG-RAG, desconsiderando as da Comisión de Lingüística da Xunta que CC presidira.



1986. No I congreso da AGAL. Arq. PG

Obra | Publica *Da fala e da escrita*.

1984

Vida | A Xunta da Galicia concede a Carvalho o distintivo Castelao. É designado Presidente do comité organizador do encontro internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro, a realizar no ano a seguir na USC.

Obra | Edita *Letras Galegas* (AGAL).

Vida | “Eu non ocupo actualmente nengunha parcela de poder na Galiza autonómica actual a pesar de que toda a miña vida estivo consagrada, ao meu xeito, por suposto, non ao xeito dos demais, a traballar, non pola Galiza autonómica, que é un concepto dunha limitación circunstancial moi concreta, senón pola grande Galiza utópica, se se quer, que constituía o ideal dos homes que foron os meus mestres” (CC).

1986

Obra | Publica *Cantigas de amigo e outros poemas* (AGAL).
Conversas en Compostela con Carballo Calero. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións.

1987

Obra | “En conxunto eu creio que presenta o drama, presenta a verdadeira traxedia dunha xerazón, a xerazón esta que chamábase «Halley», ou que chamábase ás veces xerazón do Seminario. Eu son un pouco Scórpio, pero moi pouco (...)” (VeS).

“Eu creio que hoxe [1989] xa tendo como temos profesores de galego, tendo como temos ensino do galego, habería que utilizar unha ortografía que se fundase na historia do idioma. E neste aspecto parece-me absurdo que o poder oficial, ou os seus asesores intelectuais, se obstinen en que empreguemos a ortografía castellana. Creio que hai que volver á ortografía histórica, entendendo que dentro da evolución da ortografía histórica está a evolución da ortografía que hoxe chamamos portuguesa. E por suposto haberá que estudar minuciosamente en cada caso que inovacións da or-

tografía portuguesa son aceptábeis ou non aceptábeis para o galego. Pero, en fin, así como os andaluces utilizan a ortografía castellana e a utilizan incluso os mexicanos ou os argentinos –sen prexuízo de que a lingua oral teña as súas particularidades– creio que nós non debemos admitir unha fragmentación da nosa ortografía, da ortografía do sistema iberorománico occidental, para competir en condicións de desigualdade sumamente drástica coa ortografía unificada do sistema central” (VeS).

Publica o romance *Scórpio* (Barcelona: Sotelo Blanco Edicións), Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios.



Foto familiar na praia de Palmeira. Arq. PG



1990

Vida | Ferrol proclama Carvalho Calero “Fillo Predilecto”. Falece pouco tempo a seguir na cidade de Compostela (25/03/1990).

CARVALHO. FILÓLOGO DIVULGADOR

da Literatura

[historiador]

“[A Historia da literatura galega contemporánea] constitui umha obra fundamental da nossa cultura e nom só é o ponto de referencia obrigado de todo o trabalho que posteriormente se vem realizando neste campo senom que ademais exerceu um enorme influxo extra-literário: dando a conhecer no seu conjunto o vieiro em boa parte soterrado do desenvolvimento literário galego, contribuiu grandemente a formaçom de umha ideia sobre a nossa história cultural e ideológica, e destarte avivou o ressurgimento da consciéncia colectiva galega nos tempos mais recentes” (MM: 163-4).

“O que estuda a literatura como expresión artística dun idioma ten que adoptar un criterio filo-lóxico. Non coido que se poda obrigar nen vedar a ninguén que escriba en galego ou castelán, ou que faga escolmas castelás ou galegas, ou mistas. O natural é considerar poetas galegos aos que escriben en galego. Poetas galegos e galegos poetas son dúas cousas distintas” (HLGC: 17).

[mestre da crítica]

“Sen Carballo Calero, pódese dizer que a crítica literária galega seria hoxe un ermo. Del partiu toda a que se fixo posteriormente cun certo rigor” (Francisco Rodríguez, *apud* CeC: 160).

do Idioma

[gramático]

“O primeiro estudo de Carvalho de carácter propriamente lingüístico foi a Gramática, intitulada Gramática elemental del gallego común (1966). Deste modo Carvalho Calero fez-se presente no campo da Lingüística galega com umha obra que, apesar de ser a primeira sua neste domínio da ciencia, já era umha obra magistral” (MM: 175).

[pedagogo]

“O galego antigo”

“A história do idioma galego é a história mesma de Galiza. A história do seu nascimento, do seu crescimento, da sua madurez e da sua prostração, da sua reposição e do seu esforço para persistir. Diríamos que Galiza nasce à história quando o galego nasce, que se mergulha na imobilidade a-histórica quando a língua se reprega à escuridade da iliteralidade, e que renace à história quando o galego renace à literatura.”

“O galego do futuro”

“A cidade, que recebeu do campo o seu galego, tem que actuar agora para devolvê-lo ao seu antigo custódio depurado da escória que amontoaram sobre ele tantos anos de combustom.”

(PLG: 25,28,32).

“A história do idioma galego é a história mesma de Galiza”






Foto: Moncho Rama



CARVALHO. A OBRA



Principais obras

1951. *A xente da Barreira*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
1955. *Sete poetas galegos*. Vigo: Galaxia.
1961. *Salterio de Fingoy*. Vigo: Galaxia.
1962. *Historia da literatura galega. 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
1966. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
1971. *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia.
1971. *4 pezas. A sombra de Orfeo. Farsa das zocas. A arbre. Auto do prisioneiro*. Vigo: Galaxia.
1975. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
1976. *Prosa galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo NÓS*. Vigo: Galaxia.
1978. *Prosa galega 2. Dos novecentistas aos nosos días*. Vigo: Galaxia.
1979. *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
1979. *Libros e autores galegos. I. Dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
1979. *Rosalía de Castro, Cantares Gallegos*. Edición de Ricardo Carballo Calero. Madrid: Cátedra.
1979. *Teatro Nós. Risco-Otero Pedrayo-Castelao*. Ed. de R. Carballo Calero. Santiago de Compostela: Follas Novas.
1980. *Prosa galega 3. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*. Vigo: Galaxia.
1980. *Pretérito imperfecto (1927-1961)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1981. *Problemas da Língua Galega*. Lisboa: Sá da Costa Editora.
1982. *Futuro condicional (1961-1980)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1982. *Teatro Completo*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1982. *Libros e autores galegos. II. Século XX*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
1984. *Letras galegas*. S.I.: Associação Galega da Língua.
1986. *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*. S. I.: Associação Galega da Língua.
1987. *Scórprio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
1989. *Escritos sobre Castelao*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
1989. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
1990. *Reticências... (1986-1989)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

“O mais íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía”

O artista que se define

“Eu era desde os meus comezos un escritor e fun un escritor bilíngue” (CeC: 32).

“Dunha forma ou doutra –aínda que eu son polígrafo, xa que teño traballado en narrativa, en teatro e en ensaio–, creio que, efectivamente, o mais íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía, até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte mais persoal ou a parte mais orixinal, dentro da orixinalidade que cabe a un escritor do século XX depois de Xesucristo, é aquela que contén unha raíz lírica” (CeC: 86).

“A poesía para min non é outra cousa que catarse” (CeC: 148).

Eu non me considero, desde logo, nen tan restrinxido no meu traballo nen tan cuidadoso na precisión ou na harmonia do período como era Castelao. Nen tan descoidado e tan múltiple e tan fértil como o era Otero Pedrayo. Mas estou mais próximo deste que do primeiro no que se refire á fecundidade. Eu son, si, cicais demasiado fértil, demasiado fecundo, e como ademais vivo unha vida mui pouco social, como me relaciono pouco coa xente, a pesar de que sempre tiven que traballar muito, os meus ratos de ócio foron empregados, case exclusivamente, en escribir. E entón, iso pode explicar que teña unha obra realmente mui volumosa” (VeS: 82).

Verdadeiro poeta foi. Nom escreveu para os poetas. Cantou para os homes. Aqueles, monstruosamente desumanos, nom o admitiron nos seus coros, porque desentoava a sua clara voz da balbúrdia a maoetenta que eles obscuramente articulavam. A poesía é demasiado séria para que se administre tecnocraticamente.

(...)
(Rt: 52)

CARVALHO. LUGARES VITAIS



1918. Foto fraterna dos CC: Mario ao colo da empregada, Dolores, Josefina, Angel e Ricardo, ao lado da outra empregada. Arq. PG.



1954. Carvalho Calero e estudantes do Fingoi de visita de estudos. Arq. Fingoi



Foto: Moncho Rama

“Co Seminario de Estudos Galegos [...] perfeicionei a miña consciência de galego e fun fiel toda a miña vida a aqueles principios”

Ferrol primeira casa

Tirando o período da guerra e do cárcere (Madrid, València e Jaén, 1936-1941), Carvalho Calero residiu na cidade de Ferrol até 1950, salvo idas e vindas nos tempos de bacharelato e Universidade.

“Eu nascin no Ferrol Vello (...) o Ferrol mais antigo, un bairro de pescadores”

(CeC: 15).

Eu asistin desde mui neno a sesións de teatro, e tamén de cine, que se celebran en Ferrol. (...) trata-se do Teatro Jofre, que aínda subsiste” (CeC: 25).

Cruzando a ría pola ponte das Pias, se os obreiros de Astano nom cortaron o tráfico, entrarei em Ferrol, a minha terra. Se o cortaron, daquela, hei tomar o caminho antergo, e passar por Narom, pé do mosteiro de Sam martinho, polos eidos de Esquio. de um jeito ou outro, hei entrar no meu povo, para ver se tropeço numha rua qualquer do Ferrol Velho –será a de Sam Francisco, a do Socorro?– com o neno que fum e que foi outro; aquel que fum e que nom fum entom, quando eu nom era o velho que hoje som.

POEMA Cruzando a ría (Reticências, p. 67)

Lugo desterro prolífico

A partir de 1950 reside na cidade de Lugo, como docente e cargo directivo do C. Fingoi, até 1965. 15 anos de prolífico labor investigador e historiador da literatura.

“Fun requerido para pôr en marcha e dirixir un colégio de primeiro ensino e de bacharelato que en Lugo tencionava establecer don Antónío Fernández López, un enxeñeiro de camiños que tiña unha emozón galega mui auténtica e que prestou grandes servizos à cultura galega” (CeC: 119).

“... o Colégio [Fingoi] contava com instalaçons permanentes onde estudar empiricamente nas aulas diárias esse mundo que se visitava nas excursions para comprendê-lo na sua plenitude.../... Pitas, parrulos, pombas, coelhos, porcos, enchiam os currais e as granjas. Os alunos, assi, partiam do conhecimento efectivo do mundo rural que os sustentava. Se os rapazes aprendessem a sachar umha leira, a sementar o grao, a trabalhar a torno, a manipular num quadro de electricista, a erguer umha cabana e a criar umha rolada de pitos saídos da incubadora, estariam melhor situados para afrontar a vida real...”
“... dispuxemos de mestres nacionais elegidos por nós, especializados no ensino de acordo com as peculiaridades do ambiente em que iam actuar” (LG: 116).

Compostela palco do seu talento

A esta época (de 1965 até a morte no ano 1990) corresponde o seu rigoroso labor na Universidade e o seu ideal reintegracionista que acabou por marcar profundamente a cultura galega.

“Aloxamo-nos nunha pousada da Fonte de San Miguel, que era a casa desta rua que servia de fondo à Rua de Brillares –ou Abril Ares– (...). Este bairro, próximo a San Martiño, foi o meu bairro de mocidade” (CeC: 41).

“Vivin ali e depois no Tránsito dos Gramáticos, que entón se chamava Travesia do Instituto, e logo de Azabacheria, de onde me trasladei à Rua de Troya” (CeC: 42).

“Cando cheguei a Santiago e me puxen en contacto co Seminario de Estudos Galegos non me convertín ao galeguismo, senon que perfeicionei a miña conciencia de galego e fun fiel toda a miña vida a aqueles principios” (CeCC: 50).

“En canto às tertúlias, para min a mais importante era a que se organizava no Seminario de Estudos Galegos. Muitas veces ficávamos algun tempo arredor dunha estufa cando o Seminario de Estudos estaba instalado en Fonseca. Dispuña do Salón Artesoado, que era museo, e da aula ou sala inmediata. Antes estava na sociedade Económica de Amigos do País, ou sexa, no actual Instituto Rosalia de Castro” (CeC: 53).

CARVALHO. REINTEGRACIONISTA

Durante os anos 70 arranca o debate entre os defensores do modelo ortográfico de Castela ou de Portugal para o galego, porque era preciso definir a norma escrita perante a chegada do galego ao ensino. Carvalho Calero toma o partido do reintegracionismo, isto é, o da corrente que propugna a unidade da escrita galego-portuguesa, ideal tradicional na cultura galega e que podemos detectar na obra do autor desde os anos 30:

Ideal antigo

"Non só a lingua de Antero é a mesma nosa, senón que o espírito que revelan os versos portugueses que o galego lé, é un espírito que se abre inteiro pra o leitor: a maneira de pensar e sentir, a mentalidade e a sentimentalidade do poeta, son as mesmas nosas."

(*Versos de Antero, El Pueblo Gallego*, 1933). Sobre sonetos de Antero de Quental publicada pola Universidade de Santiago.

Primeiro artigo a favor do reintegracionismo

"[A lingua galega] ten que insertarse no mundo cultural ao que está tradicionalmente adscripta, restabelecendo a continuidade que pode ter sido alterada polo intre dialectal en que a lingua vivía durante séculos."

(*Ortografía Galega, La Voz de Galicia*, 1975).

"Nom estamos sós"

"Muitas persoas que com excelente intención se ocupan em política lingüística e muitas outras que com admirável valentia se consagram à função docente, tropeçam em montanhas há tempo perfuradas, mergulham-se em rios há tempo cruzados, porque nom se lhes ocorre pensar que os túneis e as pontes foram ja construídos por engenheiros que levam muitos anos de exercício profissional!"

(*Problemas da Língua Galega*, 1981, recuperado de *La Voz de Galicia*, 1978).

Presidiu no ano 1979 a Comisión de Lingüística da Xunta para elaborar a normativa do galego. No ano 1982 a Xunta de Fernández

Albor opta polas normas do ILG-RAG. O debate, no entanto, seguiu e segue.

Da autonomía do galego

"Muito nos tememos que nom haja outra alternativa ao lusismo que o castelhanismo, porque pensar que hai umha terceira via para a regeneraçom do galego, semelha ingénuo ultranacionalismo"

(*Da Fala e da Escrita*, 1983, recuperado de *La Voz de Galicia*, 1978).

Normalizaçom e reintegraçom do galego

"Os que nom desexan ver desaparecer o galego, aspeitam desde hai muito a reintegrá-lo no seu ámbito natural. [...] Isto nom pode considerar-se lusitanizaçom do galego, senom reintegraçom do galego ao diassistema galaico-lusitano."

(*Da Fala e da Escrita*, 1983, recuperado de *La Voz de Galicia*, 1979).

Política lingüística

"Se o Estado –do qual é um órgão a Administración autonómica– está ao serviço da sociedade e nom é um Leviathán que mantém a sua ordem engolindo os individuos, procede um equilibrio entre o poder e a liberdade favorável a esta última. Nom vaíamos construir um galego de ossamenta tam rígida que pese sobre a nosa vontade com autoritarismo insuportável!"

(*Agália*, 1990, recuperado de *La Voz de Galicia*, 1988).

"Muito nos tememos que nom haja outra alternativa ao lusismo que o castelhanismo"

Foto: Moncho Rama



CARVALHO. INTELECTUAL HONESTO

Comedido

“na *Historia da literatura galega contemporánea* (1975) nem sequer faz umha simples alusom à sua obra literária, o que vem a deixar incompleto o panorama que se nos ofrece: sacrificou a integralidade ao sentimento de modéstia pessoal”

(MM: 17).

Desambicioso

“A cobiza de poder ou a de medro económico non foron nunca en min forzas determinantes, capaces de torcer a miña autenticidade, que é a da criazón literária e a investigazón científica” (CeC: 200).

Interventivo antes da guerra

(manifesto “A galeguización da Universidade”)

“Recordo que era un escrito de dimensións consideráveis, no que se propugnava, efectivamente, a galeguización da nosa Universidade. Redactei-no eu e firmaron-no muitas persoas” (CeC: 73).

(anteprojecto do “Estatuto de Autonomía”)

“Fomos Tobio e mais eu os que redactamos sós, reunindo-nos na biblioteca da Facultade de Dereito desta Universidade, todo o articulado” (CeC: 82).

Interventivo durante o franquismo

“O galego era considerado como língua mal vista polo poder, e transformou-se entón en língua de opozición” (CeC: 170).

“En 1966 publica-se, efectivamente, a primeira edición da miña Gramática. É unha gramática concebida como instrumento de traballo nas clases, nas aulas de Língua Galega que estaban ao meu cargo. E, naturalmente, é un instrumento de traballo que

pretende ser eficaz e que, polo tanto, deseña-se tendo en conta as circunstancias en que ia ser usado.

A evolución que se observa nas distintas edicións desta Gramática é unha evolución que segue unha liña absolutamente recta. Conforme avanza os tempos e conforme se debilita o réxime imperante, vai acrescentando-se a liberdade con que un profesor pode expresar a sua doutrina a propósito da língua galega” (CeC: 175-6).

Interventivo na democracia

“Constituí ao meu xuízo unha cegueira dos políticos que nos gobernan, induzidos por estudiosos ou técnicos que non posúen a necesaria amplitude de espírito para ver o galego cunha concepción diacrónica, tratar de esmagar a estas persoas, a este grupo que propugna a reintegración do galego dentro do sistema ibero-románico occidental; grupo que se ten acreditado como numeroso, como responsable e como ben informado, tanto a propósito dos problemas filolóxico-lingüístico-técnicos como a propósito da historia da política galeguista en materia idiomática” (CeC: 240).

“Se a cultura non é liberdade, se a cultura non é verdade, se non é respecto ao pasado e posibilidade de ensaio no presente e no futuro, é un tipo de cultura que o menos podemos chamar é totalitaria” (CeC: 244).

E relegado

“E os reintegracionistas, a verdade, cremo-nos parte dese povo galego, e nos parez unha actitude abusiva, absolutamente anti-constitucional, aquela que nos priva de disfrutar dunha protección económica que nos parece ser un bem ao que debemos ter acceso todos os galegos” (CeC: 240).

“[a cultura] é respecto ao pasado e posibilidade de ensaio no presente e no futuro”



Jenaro Marinho e Carvalho Calero. Arq. PG



1950. No grupo fundador de Galaxia. Carvalho Calero é o sétimo principiando pola esquerda. Arq. Fingoi

Tributo a Castelao, na vila natal, organizado pola Asociación Galega da Língua (1986).

A partir da esquerda: Xosé M³ Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Carvalho Calero, Jenaro Marinho e José-Maria Monterroso Devesa. Arq. PG



CC 2020

CARVALHO CALERO LETRAS GALEGAS 2020

A voz presente

Organizada por:

Associaçom Galega da Língua (AGAL)
Xunta de Galicia

Producida / Produzida por:

Ouvirmos S.L.
ouvir@ouvirmos.com / <http://www.ouvirmos.gal>

Comisariada / Comissariada por:

Carlos Quiroga e José Luís Rodríguez (USC)

Documentación / Documentação:

Carlos Quiroga e José Luís Rodríguez (USC)
Eduardo Maragoto, João Lousada

Colaboración / Colaboração de honra:

Parlamento de Galicia

Agradecementos / Agradecimentos:

Magalí Carballo-Calero Ramos
María Victoria Carballo-Calero Ramos
Colexio Fingoi, Siña Fernández Fuentes
CGAI, Colectivo Egeria, Miguel Penas, Xan Carballa
João Aveleto, Auria A. Arias, Fernando Negueruela

Arquivos e fotos:

Arquivo PG: Arquivo Parlamento de Galicia. Biblioteca.
Fondo Carvalho Calero.

Arq. ANT: Arquivo A Nosa Terra

Arq. Fingoi: Arquivo Colexio Fingoi

Arq. Familia: Material da Familia Carvalho-Calero.

Moncho Rama.

O vídeo do programa "A dúas bandas" foi fornecido
cortesmente pola CRTVG.

O vídeo "Carballo Calero,
a posibilidade de rectificar a historia" foi fornecido
cortesmente pola Fundación A Nosa Terra.

Abreviaturas bibliográficas:

CcCC = Carmen Blanco, *Conversas con Carballo
Calero*. Vigo: Galaxia, 1989

VeS = Fco. Salinas Portugal, *Voz e silencio*
(entrevista con R. Carvalho Calero).

Vilaboa: edicións do Cumio, 1991
[conversas no inverno de 1989].

CeC = M. A. Fernán-Vello e F. Pillado
Mayor, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*.
Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1986.

MM = Martinho Montero, *Carvalho
Calero e a sua obra*. Santiago: Laiovento, 1993.

Rt = *Reticências...* (1986-1989).
Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1990.

PLG = *Problemas da Língua Galega*.
Lisboa: Sá da Costa, 1981.

HLGC = *Historia da Literatura Galega Contemporánea*.
Vigo: Galaxia, 1975 (2ª ed.).

LG = *Letras Galegas*. Mesoiro (A Coruña): AGAL, 1984.

DFDE = *Da Fala e da Escrita*.

